

A portrait of Olga Alonso Villar, an older woman with short, light-colored hair, wearing a bright yellow turtleneck sweater and a blue patterned scarf. She is looking slightly to the left. The background is a blurred view through a window with dark frames.

Quero ser investigadora

Universidade de Vigo

5

**Olga
Alonso
Villar**

QUERO SER INVESTIGADORA 5 | Olga Alonso Villar

Edición

Unidade de Cultura Científica e
da Innovación da Universidade de Vigo

Dirección

Mónica Valderrama Santomé

Revisión lingüística

Área de Normalización Lingüística
Eva María Castro Figueiras
María Cristina Rodríguez Ricart

Impresión

Tórculo Artes Gráficas
Vigo, 2025

D.L

VG 291-2025

ISBN

978-84-1188-063-3

Autora das fotografías

Charo Lopes

© Universidade de Vigo

Coa colaboración da Fundación Española
para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT),
Ministerio de Ciencia, Innovación e
Universidades

Olga Alonso Villar

Unha investigadora contra a desigualdade

Olga sempre tivo curiosidade por descubrir misterios.
De nena soñaba con ser detective, pero agora
investiga a desigualdade económica
entre diferentes grupos de persoas.

Olga é economista e traballa para entender
por que algunhas persoas teñen máis
oportunidades ou cartos ca outras.

Para ela, os números son
ferramentas para mellorar o mundo
e facer que as políticas sexan máis xustas.

O seu obxectivo é que os gobernos e as organizacións
utilicen os seus estudos para reducir as desigualdades.

Unha infancia chea de preguntas

De pequena, era afeccionada ás novelas de misterio e quería ser mestra ou detective.

Estudou matemáticas e, grazas aos consellos da familia e amigos, decidiu dedicarse á investigación.

Por que investiga a desigualdade?

A Olga sempre lle preocupou a **xustiza social**.

Cando estudaba, descubriu que as matemáticas non eran suficientes para entender os problemas do mundo.

Por iso, decidiu aprender economía e centrouse en estudar a desigualdade de salarios entre distintos grupos de persoas.



xustiza social

Garantía de que todas as persoas independentemente da raza, xénero, condición económica ou crenzas, teñan as mesmas oportunidades e dereitos.

Hoxe en día, o seu traballo axuda a medir a desigualdade económica en diferentes países.

Grazas ás súas investigacións, pódese saber mellor cales son os problemas e como se poden solucionar.

Explicando a economía

A economía aplicada serve para entender moitas cousas da vida diaria:

- Como afectan os **impostos** ao medio ambiente.
- Como se organizan os hospitais.
- Por que hai diferenzas de salario entre homes e mulleres.

Ela traballa para que todo o mundo teña as mesmas oportunidades, independentemente do seu xénero, raza ou lugar de nacemento.

Impostos

Cantidade de diñeiro que teñen que pagar todas as persoas que reciben cartos.

Por exemplo:
o IVE cando mercamos ou
a declaración da Renda.



Unha científica fóra do traballo

Cando non está investigando,
cociña e proba receitas de distintos países.

Tamén reconece que
equilibrar a vida persoal e profesional
non é doado. Require moita organización e esforzo.

Retos para o futuro

Un dos grandes retos dos próximos anos será
a sustentabilidade social e económica.
Debemos pensar mellor en como consumimos,
como xestionamos os **residuos**,
evitando a contaminación e a desigualdade.

Tamén destaca a necesidade de pensar os salarios:
por que alguén que dirixe unha empresa gaña moito máis
ca quen fabrica os produtos ou limpa os edificios?



Residuos

lixo, basura ou produtos
que xa non serven,
que hai que reciclar ou
desfacerse deles.

O seu legado e un mundo máis xusto

Olga quere que os seus estudos
se utilicen en todo o mundo
para medir e reducir as desigualdades.

Ela cre que as matemáticas son moi útiles
para cambiar o mundo,
porque nos axudan a entender os problemas
e buscar solucións.

Se tivese un superpoder,
escollería falar todas as linguas do mundo
para poder comunicarse con calquera persoa.

UniversidadeVigo

Unidade de Cultura Científica
e da Innovación (UCC+i)

Vicerreitoría de Comunicación
e Relacións Institucionais

Coa colaboración de:



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CIENCIA, INNOVACIÓN
Y UNIVERSIDADES

